

Unha nova advertencia sobre os perigos da eólica mariña para a actividade pesqueira chega do reputado Centro Helmholtz de Alemaña. Un informe dos seu persoal investigador certifica o impacto desta tecnoloxía de xeración eléctrica no funcionamento dos ecosistemas do mar do Norte. **Texto Xacobe Ferreiro**

A comunidade científica advirte de que a eólica mariña pon en risco a pesca

O estudo do Centro Helmholtz mostra como os aroxeadores alteran as correntes mariñas

Os investigadores e as investigadoras Jiayue Chen, Nils Christiansen, Lucas Porz, Bo Miao, Mengyao Ma, Corinna Schrum e Wenyan Zhang veñen de publicar na recoñecida revista científica *Nature* un artigo sobre o impacto da eólica mariña nas correntes. O estudo destes investigadores e investigadoras, pertencentes ao Helmholtz Zentrum München, institución alemá referencial en saúde e ciencia fundada en 1961, desvela como esta fonte de xeración eléctrica altera o almacenamento de carbono e o fluxo de sedimentos no mar do Norte, unha das zonas do planeta con maior presenza deste tipo de instalacións enerxéticas. O traballo alerta dos impactos negativos na actividade pesqueira desde tecnoloxía de xeración.

O artigo, titulado 'Rutas de transporte de sedimentos e enterramento de carbono orgánico afectados por parques eólicos mariños en mares de plataforma continental', advirte de que "a rápida expansión dos parques

eólicos mariños impacta cada vez máis nos ecosistemas oceánicos". Os investigadores, que realizaron o traballo "mediante un modelo hidromorfodinámico tridimensional que integra os efectos do ronsel", destacan o impacto das instalacións eólicas mariñas sobre a pesca e defenden "a necesidade de considerar os impactos a nivel de sistema na planificación espacial mariña", á vista do que esta acontecendo no mar do Norte.

O documento desvela que "os resultados da investigación suxiren que os parques eólicos poden alterar os fluxos netos de transporte de sedimentos até en 30% a nivel local, reducir a acumulación de lodo nos depocentros establecidos e crear novos depocentros a través de efectos acumulativos a longo prazo". Nesta dirección, explica que "estes cambios, impulsados por variacións na estratificación e as correntes residuais, redistribúen até 1,5 millóns de toneladas de lodo e 0,07 millóns de toneladas de carbono orgánico particulado anualmente". Ao tempo, revela que "os parques eólicos

tamén reteñen aproximadamente 1,5% da achega anual de sedimentos fluviais ao océano, o que afecta a conectividade con sistemas costeiros".

A investigadora principal do equipo, a física oceanógrafa Jiayue Chen, nunhas declaracións á prestixiosa publicación científica *SciTechDaily*, apunta que "as nosas simulacións suxiren que estas cantidades se acumularán cada vez máis nas próximas décadas a medida que se expandan os parques eólicos mariños. Isto podería afectar o funcionamento a longo prazo". Na mesma dirección, outro dos coautores do traballo, o xeofísico Nils Christiansen, asegurou ao mesmo medio que "as nosas simulacións mostran un novo patrón de fluxo finalmente estruturado que non só é visíbel dentro dos parques eólicos, senón que podería estenderse por todo a zona, cunha desaceleración das velocidades superficiais de até 20% nun escenario de expansión para 2050".

Impactos

O traballo dos científicos do Centro Helmholtz de Hereon



Helmholtz Zentrum



Europa Press

O ESTADO RESERVA 2.350 QUILÓMETROS CADRADOS DE AUGAS GALEGAS PARA A EÓLICA MARIÑA

non deixa dúbidas sobre o impacto negativo da eólica mariña na actividade pesqueira. A este respecto, sinala que "a pesca, pola súa parte, depende de correntes que transportan nutrientes e larvas, polo que alterar eses fluxos podería modificar zonas de cría, dispoñibilidade de especies e ciclos biolóxicos, con efectos que non sempre son inmediatos, pero si persistentes". Na mesma dirección, lembra que "son as correntes quen reparten o alimento dos peixes, polo que un cambio das mesmas afectaría todo o seu ci-



184 CALADOIROS GALEGOS VERANSE AFECTADOS POLA EÓLICA MARÍÑA



Datos: Gobiernos de España e Portugal / Gráfico: Nós Diario

clo biolóxico, alterando os seus emprazamentos actuais".
O documento está en liña con outras investigacións elaboradas por anterioridade por organismos independentes. A este respecto, no pasado mes de decembro o Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES, polas súas siglas en inglés) facía publico o informe do Grupo de Traballo sobre eólica mariña, desenvolvemento e pesca, un documento no que este organismo internacional alertaba de "graves impactos" da eólica mariña e recomendaba aplicar o "principio

de precaución" de cara ao seu desenvolvemento.
As conclusións destes informes confirman os temores do sector pesqueiro galego, que considera a súa actividade incompatíbel coa eólica mariña. Neste sentido, a planificación aprobada polo Goberno do Estado delimita cinco áreas na Galiza para a xeración de electricidade de orixe mariña, reserva 2.350 quilómetros cadrados de augas galegas para o desenvolvemento de proxectos eólicos, coincidindo o seu emprazamento con áreas onde están documentados algúns dos cala-

doiros de pesca máis importantes do país. Galiza concentra 47% do total das augas do Estado destinadas á produción eólica. Un dos polígonos autorizados está fronte ás comarcas de Vigo e Baixo Miño e os outros catro na área cantábrica, entre a zona de Ortegál e da Mariña. Precisamente, nestas áreas sitúanse algúns dos caladoiros con máis actividade pesqueira do conxunto do país, delimitados polo Instituto Español de Oceanografía, concentrando as zonas reservadas para a eólica mariña 184 caladoiros de pesca nas augas galegas.

Nils Christiansen, xeofísico do Centro Helmholtz, e Sara Aagesen, ministra española para a Transición Ecolóxica. Á dereita, mapa coas zonas autorizadas polos Gobiernos español e portugués para a instalación de parques eólicos mariños.

A poxa

As grandes eléctricas pelexan polo mar da Galiza

X. F. | Nós Diario

O pasado 4 de febreiro o Ministerio para a Transición Ecolóxica (Miteco) sacaba a consulta pública as bases do primeiro procedemento de concorrencia competitiva para a poxa da eólica mariña no Estado. O proceso, que permaneceu aberto até o 24 de febreiro, tiña como obxectivo definir as pezas chave antes de convocar a primeira "poxa" de parques, como as áreas elixidas, a potencia a licitar, os prazos ou os criterios de ponderación. Malia que foi presentado pola titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica, Sara Aagesen, como o "paso previo á primeira poxa da eólica mariña", as fontes gobernamentais e empresariais consultadas por *Nós Diario* consideran que o proceso de adxudicación da potencia eólica mariña non se resolverá até a vindeira lexislatura. As principais compañías eléctricas do Estado e da Unión Europea xa manifestaron a súa intención de desenvolver proxectos de eólica mariña na Galiza. Neste sentido, rexistráronse no Ministerio máis de 20 propostas, que suman unha potencia de máis de 10.000 megawatts, destacando, entre eles, os formulados por Repsol, Ferrovial, Iberdrola ou a multinacional italiana Eni. A esta poxa, que apoia a Xunta da Galiza, non concorre ningunha empresa con sede social no país.